

O CORAZÓN

Ninguén nos dará a man no derradeiro alento. Quizais a morte sexa unha experiencia nobre. Quizais sexa tan cega como o amor, e o sentido da vida sería un significante baleiro, igual que o orgasmo. Poderán agarrarnos da man ou bicarnos na fronte, pero no derradeiro instante (se é realmente o instante derradeiro) estaremos nós sós. E nada é suficiente contra a morte. Morren os asasinos e os caníbales, os que souberon ler as vísceras das aves, os que ataron no mastro a pálida Ifixenia porque séculos antes, na súa condición de notables da república, autorizaran tamén sacrificios humanos. A vida non ten sentido. A vida é o sentido. E o corazón, tan fráxil, unha ave de paso: sobrarían os dedos dunha man para poder contalo. Un can de caza tan ben adestrado que até que estoupa non deixa de bater. Ás veces o corazón nace cun sopro: o vento infíltrase nel e non o solta, e noutras ocasións rube pola montaña que fai irregular a paisaxe da vida, e móvese por ela como un tren descarriado polos Andes. E tendo estas imaxes na memoria dicimos, pobrementemente, que alguén rompeu o noso corazón. Como se fose un óso e non un músculo. Pero as cuncas non son de cristal nin de louza. O aire é o verdadeiro escultor da sede. E o corazón, a máquina de guerra que escolle a quen lle dar a súa metralla. A quen entrega as armas o corazón respóndelle: “Non perderás a vida porque non a tes”. O amor é unha operación a corazón aberto. Quen pode asegurar, cando nos abran, se ficaremos salvos ou se iremos morrer?

María do Cebreiro (O deserto)

LINGUA

LINGUA que me colles dende o berce,

e me afastas do silencio orixinal

construíndome habitante dun dominio

no epicentro das portas e das fiestras.

Grazas a ti desenleo o bater do vento nos cumios e nas chairas,

e as súas maneiras de asubiar,

atinxo os segredos de quen foi abritadoiro de prados,

de quen foi sementador, seitureiro ou pegureiro,

aprendo o que hei dicir cando tremo de frío ou me abafo de calor,

e as claves para desvelar o polimorfismo da chuvia;

modelo o tremor do corazón en lírica voz,

adubo a miña alma con sons que me expresan de raíz

e obteño filtros para o magma da conciencia;

debuxo as liñas da xeografía e cartografo con propiedade

todo o que cómpre nomear.

Carlos López (Abrindo fiestras en carne viva)

Só este mar de sílabas

axitando o futuro

MIGUEL ANXO FERNÁN VELLO

PORVIR

Como se non existisen outros días.

Como se non existise o talento

nin o Barrio das Letras.

Como se no pasado non houbera

destrución humana.

Non houbo Hiroshima

Non houbo Gernika

Os Jemeres Vermellos nunca foron.

Non houbo Treblinka

Nin Manthausen

Nin machetes en Ruanda.

Nada soubemos.

Sempre fomos ditosos. Como agora.

Botemos a correr

pois a terra nunca se acaba

e aínda é tempo

de pintar o futuro nun blues.

María Isabel Vázquez (*Cinza de estrelas*)

*A vida? Ir collendo, após de tantos anos
as flores da memoria, as augas que nos levan
polo río do tempo, neste Camiño Vello
no que vamos cruzando nun retorno perenne.*

VICENTE ARAGUAS

ANACOS DE VIDA

ANACO I

Non botedes terra aos meus ollos
porque aínda teño que admirar
a morte do sol.

As pingas da chuvia facéndose anacos
contra as baldosas das beirarrúas
lémbreme que un día chorei
como chora o ceo sobre as pedras.

ANACO II

Non botedes terra aos meus ollos
porque aínda teño que coñecer
que é a ledicia
e preguntar se me pertence.

Son un ser de papel
no que os demais se envolven.
Deixo caer as palabras
como caen as follas arremuiñadas nos parques.

E a vida pasa sobrevoando a miña testa,
os verdes páramos, o vello mar, as sagradas árbores.
Si, a vida pasa
do mesmo xeito que os farrapos de vento
sobre o amencer.

ANACO III

Xa podedes cubrir coa terra
os ollos deste eternal viaxeiro
fráxil peregrino da ruta das Odas
que tan só sabe arremeter o inesperábel
cos seus versos.

María Isabel Vázquez (*Cinza de estrelas*)

PALAVRAS A ESPÁRTACO (IV)

Datas lutuosas estas nas que o Senhor Escuro
adentra-se nos corpos, fura o desejo, Espártaco:
ficaram abolidas as grandes narrações
que construíram o nosso significado: Aquiles
morreu empeçonhado na argila de Okinawa,
rei Artur extinguiu-se, jugulado no inverno
de Buchenwald, a rota de Cipango embaciou-se
baixo o fogo do mauser, o Inferno esmoreceu
nas lapas pederastas do Vaticano: datas
de mau agouro estas nas que Chicago volta
como um signo medonho entre a estila do tempo,
nas que as colunas dóricas falecem, engolidas
por doenças cardíacas, nas que a metralhadora
é o símbolo supremo do diálogo e o napalm
constitui a metáfora rigorosa da assepsia:
Vietname, Laos, Iraque, Chipre, Saara, Camboja,
Sinai, Moçambique, Indochina, Coreia:
datas funestas estas nas que exprimem o desfecho
das estações, o epílogo dos relatos fantásticos,
a rotura do ciclo do eterno recomeço,
o começo da rota cara o que não tem Nome.

Vítor Vaqueiro. *Palavras a Espártaco (Diálogos para um tempo de fratura).*
Através Editora. Primeira edición: fevereiro 2015

*Aos mártires da liberdade, nas foxas comúns de Aranga,
na beira do río Mandeo*

A boca da terra

O que se di: Comeunos a terra.
Mais eu que son a terra,
un anaco de terra,
uns metros de terra
terra dentro,
o que sinto é a súa fame,
os seus dentes buscando
as rosadas do peito,
os fíos das raíces,
a polpa do tempo,
a preada das horas podrecidas,
o urdido afumado das nubes baixas,
o pan do fusco,
o lévedo agre das sombras
na fenda das unllas,
as cachizas de lúa
na orfandade da ollada.

Eu sentín moito,
talvez como ninguén,
esta deshora morta,
estes mortos inquietos,
o eco do berro no badalo das balas,
abrazados a min,
coa última palabra
na boca,
esa gráminea,

esa silveira,
ese óso de sabugueiro.

Coidei dos seu zapatos,
os botóns,
as fibelas,
os peites,
os seus lapis.

O pouco que tiñan,
o enxoval do escombro.

Eu non estaba preparada para isto.
Tampouco eles.

Caéronseme dento,
sen querelo.

Mais eu non son tumba.

Criei a miña xente
baixo terra,
no exilio do meu ventre.

Sepulcral o voso país sepulcro,
onde o crime se paga
en recompensa
coa moeda emitida polo
esquecemento.

[Rivas, Manuel, *A boca da terra*, Xerais,

2015, páx.79]

Cando comezamos a mirar cara a dentro, non sempre nos gusta o que vemos. Eu comecei a ver o engano.

ENGANO

Sementei ventos de area
e o mar non soubo resistirse
aos meus encantos.

Provoquei as treboadas
que naufragan mariñeiros
e invoquei a lúa
fuxindo das mareas.

Mais o medo salgado
que me invade a pel
entroume nos ósos
minguando o engano
e amosoume o que somos.

Partículas de po
á espera dun sopro,
dun airiño que nos mova
de onde estamos,
para non rematar sendo
un monte de lixo.

ANTICIPARSE Á DOR NON É SÓ UNHA PREMONICIÓN

implica tamén un xuízo severo sobre as escasas posibilidades dunha densa e profunda marea amorosa que nos leve ao outro e facer da boca de dous un mesmo afán.

eu quixera ter estado na túa boca até ficar durmida e espertar a túa ansia máis fonda/ malia o tempo e as feridas. mais non souben acontecer co amor.

permitín que a precaución fose prioritaria.

quixen apreixar o sentimento entre os dentes/ coma unha loba.

sinto vergoña por isto/ por non ter explotado contigo

e deixar que o impacto do golpe me paralizase.

as amantes invertebradas son as mellores amantes do mundo.

a falta de temor proporciónalles gran flexibilidade

e non rompen/ mais eu fixen da premonición un feito consumado.

así de simple: tiña certa predisposición á derrota.

(unha non sempre é digna das súas queixas.)

[Enríquez, Rosa, *Historia do meu corpo en labaradas*, Neopatria, 2015, páx. 78]

A MARCELA LAGARDE

NIN UNHA PRENDEDURA MÁIS

Nin puta nin monxa

nin tola

nin naiesposa

nin corpomatriz

nin casamuller

nin mullermazá

nin corpo escindido

nin sexo violado

nin goce

usofructuado

nin unha prendedura máis

Luz Campelo (*Inventario do prohibido*)

DEZASEIS

un día, has soltar as nosas mans coma cabos.

eu serei vella nesa hora de repente
restarame só á miña antiga casa, os altos
e protectores valados da nosa herdade,
a vella pampona da luz zunindo
no teito da cociña
deitando sombras aterradas sobre as corredoiras crechas,
brancas, por veces agrisadas
que cobren o rostro da miña nai
-ollos baixos, labios cosidos polos anos
e o cansazo-
e eu volverei a ela,
serei, coma ela,
pasado.

María Lado (*Oso, mamá, si?*)